



INFORMACIÓN SINDICAL DE INTERÉS PARA AS CATEGORIAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL SANITARIA E DE PERSOAL NON SANITARIO

7 de maio de 2007

CARREIRA PROFESIONAL

A 9ª reunión da mesa sectorial para negociar a aplicación da Carreira Profesional ten por fin importantes novidades.

Hai que ter en conta antes de nada que esta reunión da mesa, que non estaba prevista, foi forzada pola Plataforma Sindical para exixir do Sergas unha nova oferta que avanzara substancialmente sobre as anteriores. En concreto, se lle pediran modificacións na súa oferta sobre os anos, os cartos e o acceso do persoal da Ope extraordinaria. Si o Sergas aceptaba esas condicións, mantendo aberta a negociación dos demais puntos das propostas sindicais, a Plataforma se comprometería a desconvocar as mobilizacións desta semana e a condicionar as demais a que existira unha boa dinámica de negociación.

O que nos atopamos na reunión foi outra cousa: o Sergas prantexou a aceptación da proposta sindical

sobre os anos e o acceso este ano dos da Ope extraordinaria, pero como punto final da negociación e quedando pechados todos os demais aspectos. Non nos valía ese prantexamento, polo que a Plataforma Sindical fixo unha contraprosta, tamén de punto final, como se resume a continuación, de maneira que si o Sergas aceptase, a Plataforma estaría en disposición de defender a sinatura dun acordo, e en caso contrario o conflito continuaría. Finalmente, e nunha nova reunión, o Sergas aceptou pedir unha nova autorización a Presidencia e a Economía para aceptar esa proposta sindical.

Nesas circunstancias decidiuse desconvocar a folga prevista para o día 8 e condicionar outras mobilizacións á resposta do Sergas ás nosas peticións de punto final!
Esa resposta ten que producirse nos próximos días.

PROPOSTAS PRESENTADAS HOXE POLO SERGAS E POLA PLATAFORMA SINDICAL COMPARADAS (resaltados os cambios respecto da situación anterior)

TEMA		PROPOSTA SERGAS	PROPOSTA SINDICAL			
ANOS POR GRAO		5 → 12 → 19 → 25 Para todos os Grupos	5 → 12 → 19 → 25 Para todos os Grupos			
COMPLEMENTO POR GRAO	A	2.500	VALOR NOMINAL	INCREMENTO ACTUALIZ	VALOR 2011	
	B	1.750	2.500	206	2.706	
	C	1.180	1.750	144	1.894	
	D	1.000	1.180	97	1.277	
	E	750	1.000	82	1.082	
			800	66	866	
		(sen actualizar co IPC ata 2012)	Actualizar en 2011 co IPC acumulado 2008-2011			
TEMPO DE SERVIZOS PRESTADOS NOUTRA CATEGORIA ANTERIOR						
PROMOCIÓN INTERNA	En Categ de Grupo	Igual area funcional	Difer area funcional	En Categ de Grupo	Igual area funcional	Difer area funcional
	G (=)	90%	80%	G (=)	90%	85%
	G (-1)	75%	65%	G (-1)	80%	70%
	G (-2)	50%	40%	G (-2)	70%	55%
	G (-3)	30%	20%	G (-3)	60%	40%
	G (-4)	15%	5%	G (-4)	50%	25%
		só para graos I e II <u>PENDENTE DE REVISIÓN E DE AXUSTES</u>		Para todos os graos		
EFECTOS DOS GRAOS RECOÑECIDOS NUNHA CATEGORIA CANDO SE ACCEDA A OUTRA CON CARÁCTER FIXO						
		Mantén a retribución dos graos da categoría orixinaria, e os graos que se adquiriran na nova categoría substituen ao equivalente da anterior <u>PENDENTE DE REVISIÓN E DE AXUSTES</u>	Mantén a retribución dos graos da categoría orixinaria, e os graos que se adquiriran na nova categoría substituen ao equivalente da anterior (grao I a grao I, e así sucesivamente...)			
PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL	Non, ata que se poda negociar/aplicar para toda a Función Pública. Excluir desta negociación Publicar unha nova oferta de integración no réxime estatutario		<u>Aplicar o incremento retributivo do Acordo da Mesa de Función Pública de Galicia</u> <u>Recoñecer o acceso á CP nas mesmas cuantías cos estatutarios. Data de efectos por definir</u>			
PERSOAL FIXO DA OPE EXTRAORDINARIA	Acceso á CP en <u>1/7/07</u>		Acceso á CP en 1/7/07			
PERSOAL NON FIXO	Excluir agora, e retomar cando se fale do réxime ordinario da CP (non se sabe cando)		<u>Acceso á CP no réxime ordinario de carreira, a implantar no 2008, cun réxime transitorio</u>			

REIVINDICAMOS UNHA CARREIRA PROFESIONAL NON DISCRIMINATORIA

